

Letra	Fonema	Exemplo
A, a	/a/	ama /ama/
B, b	/b/	barco /barko/
C, c	/θ/	cea /θea/
	/k/	urco /urko/
D, d	/d/	dado /dado/
E, e	/e/	feo /feo/
	/ɛ/	ferro /fero/
F, f	/f/	folla /foʎa/
G, g	/g/	gato /gato/
H, h	Ø	hoxe /oʃe/
I, i	/i/	pita /pita/
L, l	/l/	lira /lira/
M, m	/m/	mapa /mapa/
N, n	/n/	nada /nada/
Ñ, ñ	/ɲ/	viño /biɲo/
O, o	/o/	soño /soɲo/
	/ɔ/	forte /forte/
P, p	/p/	pucho /putʃo/
Q, q	/k/	qatarí /kata'ri/
R, r	/r/	querer /ke'rer/
	/r/	rato /rato/
S, s	/s/	ser /ser/
T, t	/t/	toro /toro/
U, u	/u/	furna /furna/
V, v	/b/	vivir /bi'bir/
X, x	/ʃ/	xantar /ʃan'tar/
	/ks/	exame /ek'same/
Z, z	/θ/	zapato /θa'pato/

Dígrafos		
Letra	Fonema	Exemplo
CH, Ch, ch	/tʃ/	murcho /mur'tʃo/
GU, Gu, gu	/g/	guerra /gerra/
LL, Ll, ll	/ʎ/	milllo /mi'ʎo/
NH, nh	/ɲ/	unha /uɲa/
QU, Qu, qu	/k/	quilo /kilo/
RR, rr	/r/	carro /karo/

- Para a representación exacta de cada fonema sempre cun mesmo e único símbolo, independentemente da palabra e da lingua de que se trate, creouse o alfabeto fonético internacional (AFI); a representación dos fonemas dunha palabra ou texto realízase entre barras inclinadas e denomínase transcripción fonolóxica: *calcular* /kalku'lar/, *peaxe* /pe'aʃe/.

3. Os trazos distintivos

De todas as propiedades dos sons unicamente son relevantes no noso sistema fonolóxico a sonoridade, o punto de articulación e o modo de articulación. Eses son os trazos pertinentes que nos permitirán opoñer uns fonemas a outros.

- **Sonoridade:** consiste na vibración ou non das cordas vocais e permite distinguir fonemas sonoros (cando hai vibración das cordas) e fonemas xordos.
- **Punto de articulación:** é o lugar concreto da cavidade bucal onde se produce a última parte do son; por este trazo distinguimos fonemas bilabiais (pronunciados entre os dous labios), alveolares (pronunciados aproximando o ápice da lingua aos alvéolos), velares (próximos ao veo do padal) etc.
- **Modo de articulación:** é a posición que adoptan os órganos no momento de expulsar o ar; por este trazo distinguimos fonemas fricativos (cando o ar sae rozando), nasais (cando parte do ar sae polas fosas nasais) etc.

Estes tres trazos definen cada un dos fonemas, por exemplo:

Fonema	Modo de articulación	Punto de articulación	Sonoridade
/p/	oclusivo	bilabial	xordo
/b/	oclusivo	bilabial	sonoro
/m/	nasal	bilabial	sonoro

4. Vogais e consoantes

O sistema fonolóxico do galego común componse de 26 fonemas, que se dividen en dous grandes grupos: as vogais (7) e as consoantes (19).

Vogais	Consoantes
Constitúen o núcleo silábico, é dicir, poden formar sílaba por si soas.	Constitúen a marxe silábica, é dicir, precisan unha vogal para constituíren sílaba.